

O Concello de Oroso convoca este certame co obxecto de dar a coñecer as ideas, esperanzas, inquietudes utilizando a arte como medio de comunicación.

O certame inscribíbase dentro do marco de encontro das distintas culturas das persoas e países participantes así como das distintas modalidades de arte.

O GÓIS/OROSOARTES celébrase mediante acordos coa localidade portuguesa de GÓIS, onde ten lugar tamén o certame GÓIS/OROSO ARTES, en cuxo evento participan artistas e obras representantes do Concello de Oroso.

"A Unión Europea declarou que o ano 2011 será o Ano Europeo do Voluntariado, o que servirá para aumentar a concienciación sobre a importancia do voluntariado en todo o mundo. "

É por iso que queremos sumarnos a este feito, e dende Oroso e Góis, Góis e Oroso dedicar este Certame 2011 a este importante patrimonio baixo o signo da SOLIDARIEDADE.

BASES

PARTICIPANTES

GÓIS/OROSOARTES é un espazo aberto onde poderán participar artistas nacionais e internacionais.

A organización reservarase o dereito de convidar de xeito directo un máximo de 5 obras sen pasar polo xurado de selección.

Os autores dos traballos manteñen íntegros os seus dereitos de autor, mais permitiranlle á organización a publicación de imaxes dixitais e gravacións das obras, así como a exposición destas cos traballos seleccionados e a posterior edición dun catálogo se fose o caso, sempre con fins de promoción do certame.

XURADO

O xurado estará composto por distintas personalidades do mundo da arte e da cultura, e o seu nomeamento será dado a coñecer nos medios de comunicación e na páxina web do Concello de Oroso (www.concellooroso.com).

O xurado ten como función seleccionar as obras para o certame GÓIS/OROSOARTES.

O xurado estará facultado para resolver calquera das cuestións non previstas nas bases e as súas decisións serán inapelables.

O número de obras participantes no certame GÓIS/OROSOARTES 2011 será o estimado polo xurado dependendo da cantidade recibida, das dimensións destas e por suposto da súa calidade.

CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

O certame estará baseado en obras cunha temática sobre o signo "SOLIDARIEDARTE", de técnica libre, encadradas dentro de modalidades de pintura, fotografía, escultura ou deseño.

Cada artista poderá presentar unha obra por modalidade atendendo ás seguintes normas:

PINTURA

Un máximo dun cadro convenientemente montado con marco ou listón que non excederá de 1,5m no seu lado maior.

FOTOGRAFÍA

Un máximo de dúas fotografías perfectamente enmarcadas (pinzas non), e cun tamaño que non excederá os 60cm no seu lado maior.

ESCULTURA

Un máximo dunha peza cun tamaño que sen peaña non exceda dun metro de altura.

RECEPCIÓN DAS OBRAS

As obras presentaranse persoalmente no Rexistro Xeral do Concello de Oroso. Praza de Isaac Díaz Pardo nº1, Sigüeiro-Oroso. Tlf.981691478, de 09:00 a 14:00 horas ou ben no Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa. Rúa da Cultura nº1, Sigüeiro-Oroso. Tlf.981690903 de 09:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:30 horas.

Tamén se poderán remitir con portes pagados aos mesmos enderezos, con embalaxe reutilizable para a súa devolución a portes debidos.

As obras deberán ser presentadas antes do día **8 DE AGOSTO** de 2011, perfectamente embaladas para a súa seguridade, non facéndose responsable a organización dos danos ocasionados durante o transporte.

As obras deberán estar perfectamente identificadas e firmadas achegando nun sobre en cuxo interior deberá ir :

Título da obra, ano de execución, técnica, dimensións,

prezo (para efectos de venda, nome do autor, DNI, enderezo, teléfono, e-mail e un breve currículo).

Cada autor deberá entregar conxuntamente co boletín de inscrición unha fotografía da obra en soporte dixital, para poder elaborar un catálogo do certame.

Así mesmo, poderán participar no GÓIS/OROSO ARTES 2011 a celebrar na Cámara Municipal de Góis (Portugal) unha selección de 15 obras que se presenten antes do día 30 de xuño de 2011, que representarán ao Concello de Oroso na localidade portuguesa, cuxo certame se celebra do 15 ao 31 de xullo de 2011.

As obras estarán cubertas por un seguro ante os posibles danos que se puidesen ocasionar durante a exposición, tendo un valor que oscilará entre os 250€ de mínimo e os 1300€ de máximo por obra.

As obras vendidas no transcurso da exposición están suxeitas a unha comisión do 25% que reverterá na organización do GÓIS/OROSO ARTE.

As obras non seleccionadas seranlles devoltas aos artistas tras unha notificación previa, enviándose ao enderezo de remite a portes debidos.

EXPOSICIÓN

O certame GÓIS/OROSOARTES 2011 será do 23 de setembro ata o 14 de outubro de 2011.

Non se poderá retirar ningunha obra antes da finalización do certame GÓIS/OROSOARTES 2011.

DEVOLUCIÓN

As obras seleccionadas serán devoltas pola organización a partir do remate da exposición a portes debidos ao enderezo de remite tras un acordo previo cos artistas.

Os artistas poderán retiralas persoalmente no Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa de Sigüeiro-Oroso.

Haberá un prazo máximo dun mes para retirar ou reclamar as obras. Se transcorrido este tempo non fosen retiradas, a organización entenderá que os artistas doarán as obras para que pasen a formar parte do arquivo artístico do Concello de Oroso.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no certame GÓIS/OROSOARTES 2011 implica a aceptación automática das bases e as decisións do xurado e a organización.

FICHA DE INSCRICIÓN

DATOS DOS/AS PARTICIPANTES

NOME.....
ENDEREZO.....
CÓDIGO POSTAL.....
LOCALIDADE.....
TELÉFONO.....
E-mail.....
OUTROS.....

DATOS DAS OBRAS

TÍTULO.....
TÉCNICA.....
PREZO.....

OBSERVACIÓNS

O/A PARTICIPANTE RESPONSABILÍZASE
COMO AUTORA/A DAS OBRAS
PRESENTADAS

O/A PARTICIPANTE AUTORIZA A
UTILIZACIÓN DAS OBRAS CON FINS DE
PROMOCIÓN DO CERTAME OROSOARTES



**CENTRO CULTURAL
FERNANDO DE
CASAS E NOVOA**

**Rúa da Cultura, nº1
15888 Sigüeiro– Oroso
Telf.: 981 690 903
biblioteca@concellooroso.com
www.concellooroso.com**

CONCELLO D
OROSO



**VI CERTAME
INTERNACIONAL**

